Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H

REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

**CONCELLO DE PONTECESO**
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

# PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, TRABALLADOR/A SOCIAL, SUBGRUPO A2.

En Ponteceso, sendo as 9.30 horas do día 20 de novembro de 2020, no Pavillón de Deportes de Corme, Ponteceso, constitúese o Tribunal que haberá de xulgar o proceso selectivo para a provisión dun posto de traballo de persoal funcionario interino traballador/a social, Subgrupo A2.

Constitúse o tribunal nesta data e hora, asistindo os/as titulares do mesmo:
Presidente: Emilio Caínzos Quintás, funcionario técnico de Administración Xeral do Concello de Ponteceso.
Secretario: Fernando Naya Abeleira, funcionario administrativo do Concello de Ponteceso.
Vogais:
Primeira: Rosario Canosa Martínez, funcionaria traballadora social do Concello de Ponteceso.
Segunda: María Angélica Pose Lema, funcionaria traballadora social do Concello de Zas.
Terceira: María Margarita Docanto Alonso, funcionaria traballadora social do Concello de Cabana de Bergantiños

O día 17-11-2020 realizouse a valoración da fase concurso, e o tribunal acordou convocar aos/ás aspirantes a realizar o primeiro exercicio das probas selectivas, base 7.2 fase oposición, consistente nun cuestionario con 40 preguntas e 5 reservas, con catro respostas alternativas, debendo marcar cun X a resposta correcta. O anuncio levouse a cabo por medio da publicación no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, taboleiro electrónico aloxado na sede electrónica e na páxina web municipal. Previamente o tribunal acordou que o cuestionario se compoña de 12 preguntas do temario xeral e 28 do específico.

O tribunal acorda que o tempo máximo para desenvolver este primeiro exercicio será de 1 hora.

Por mor da crise sanitaria o tribunal acordou realizar as probas co máximo de seguridade, e a tal efecto tómase a temperatura aos/ás aspirantes antes da entrada e do chamamento, compróbase que asistan coa máscara e pónse ao seu dispor xel suficiente, e procédese ao como o distanciamento suficiente entre as cadeiras instaladas para os/as aspirantes.

Realízase o chamamento a viva voz, co seguinte resultado:

| Nº | DNI | APELIDOS E NOME | PRESENTADOS |
|---|---|---|---|
| 1 | ***3732** | ALFONSO MARQUES NOELIA | SI |
| 2 | ***7587** | ANTIQUEIRA PÉREZ BEATRIZ | NON |
| 3 | ***5776** | BUJIA RIVAS MARIA JOSE | SI |
| 4 | ***6814** | CAMBEIRO CANOSA ELOY | NON |
| 5 | ***5034** | CARBALLEDO ROCA CARLA | SI |
| 6 | ***0566** | CARNERO BELLÓN MARÍA MERCEDES | NON |
| 7 | ***0459** | DARRIBA AMOR FÁTIMA | SI |
| 8 | ***2598** | DÍAZ VÁZQUEZ PILAR BEATRIZ | NON |
| 9 | ***3355** | DOURADO MARTÍNEZ MARÍA TERESA | SI |
| 10 | ***6328** | DOVAL ALVAREZ NATALIA | SI |

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H

REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

**CONCELLO DE PONTECESO**
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

| | | | |
|---|---|---|---|
| 11 | ***1181** | FERNÁNDEZ DOPAZO Mª DEL CARMEN | NON |
| 12 | ***4847** | FERREIRO SUÁREZ LORENA | NON |
| 13 | ***6099** | FONDO CUNDÍNS ESTEFANÍA | NON |
| 14 | ***6884** | FRAGA ALONSO BEATRIZ | SI |
| 15 | ***3080** | GERPE COLLAZO KARINA | SI |
| 16 | ***5894** | GONZÁLEZ FAFIÁN IRIA | SI |
| 17 | ***5294** | GONZÁLEZ MOREIRA NOELIA | NON |
| 18 | ***3198** | GUDE FERREIRO CARMEN | NON |
| 19 | ***8963** | HERNANDO MARTINEZ PAULA | SI |
| 20 | ***0230** | HORJALES MARTINEZ PATRICIA | NON |
| 21 | ***5588** | LAMAS TEIJEIRO ALBA | SI |
| 22 | ***0389** | LÓPEZ VILAR LORENA | NON |
| 23 | ***1297** | LOURO RAMÓN BERTA | SI |
| 24 | ***2022** | MARTÍNEZ LAGO PATRICIA | SI |
| 25 | ***1973** | MESURA SOUTO XOSE IVAN | NON |
| 26 | ***2900** | MOREIRA MIRANDA MARÍA AZUCENA | SI |
| 27 | ***3808** | OTERO VAAMONDE MARIA JOSE | NON |
| 28 | ***6356** | PAZOS FRANQUEIRA MARÍA DOLORES | SI |
| 29 | ***6338** | PENAS MORALES LUCIA | NON |
| 30 | ***7631** | PÉREZ MILLOS CARLA | SI |
| 31 | ***2821** | PÉREZ SUÁREZ JESSICA | NON |
| 32 | ***1685** | PÉREZ TENREIRO ANA | NON |
| 33 | ***6709** | PILLADO LOSADA ALOIA | NON |
| 34 | ***1430** | REIMUNDEZ VIÑA SANDRA | NON |
| 35 | ***4646** | RIVAS NOGUEIRA GRACIELA | NON |
| 36 | ***7272** | RODICIO FUENTES FLAVIA | NON |
| 37 | ***2318** | RODRÍGUEZ BARGIELA AMALIA | NON |
| 38 | ***3081** | RODRÍGUEZ RAMA DIANA | SI |
| 39 | ***7517** | SANTOS DÍAZ CRISTINA | SI |
| 40 | ***2507** | SEOANE UZAL EMMA Mª | SI |
| 41 | ***1724** | SIEIRO VÁZQUEZ MARIA CARMEN | SI |
| 42 | ***3651** | SUÁREZ MARTÍNEZ MARÍA NIEVES | NON |
| 43 | ***1158** | TAJES SUÁREZ MARÍA BELÉN | SI |
| 44 | ***8328** | VEIRA FERRÍN ANA PATRICIA | SI |

Sendo as 9.43 horas comeza a proba, a cal terá que rematar ás 10.43 horas.
Ás 10.40 fai entrega a última aspirante do seu exercicio, e remata a proba tipo test.

O tribuna procede á corrección dos exercicios, outorgando as seguintes puntuacións:

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H

REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

**CONCELLO DE PONTECESO**
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

PRIMEIRO EXERCICIO

| Nº | DNI | APELIDOS E NOME | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|
| 1 | ***3732** | ALFONSO MARQUES NOELIA | 13,00 |
| 3 | ***5776** | BUJIA RIVAS MARIA JOSE | 10,50 |
| 5 | ***5034** | CARBALLEDO ROCA CARLA | 12,50 |
| 7 | ***0459** | DARRIBA AMOR FÁTIMA | 10,00 |
| 9 | ***3355** | DOURADO MARTÍNEZ MARÍA TERESA | 10,50 |
| 10 | ***6328** | DOVAL ALVAREZ NATALIA | 10,00 |
| 14 | ***6884** | FRAGA ALONSO BEATRIZ | 13,00 |
| 15 | ***3080** | GERPE COLLAZO KARINA | 16,00 |
| 16 | ***5894** | GONZÁLEZ FAFIÁN IRIA | 13,00 |
| 19 | ***8963** | HERNANDO MARTINEZ PAULA | 12,00 |
| 21 | ***5588** | LAMAS TEIJEIRO ALBA | 11,50 |
| 23 | ***1297** | LOURO RAMÓN BERTA | 10,00 |
| 24 | ***2022** | MARTÍNEZ LAGO PATRICIA | 13,00 |
| 26 | ***2900** | MOREIRA MIRANDA MARÍA AZUCENA | 17,00 |
| 28 | ***6356** | PAZOS FRANQUEIRA MARÍA DOLORES | 12,50 |
| 30 | ***7631** | PÉREZ MILLOS CARLA | 12,00 |
| 38 | ***3081** | RODRÍGUEZ RAMA DIANA | 16,50 |
| 39 | ***7517** | SANTOS DÍAZ CRISTINA | 14,50 |
| 40 | ***2507** | SEOANE UZAL EMMA Mª | 11,00 |
| 41 | ***1724** | SIEIRO VÁZQUEZ MARIA CARMEN | 12,00 |
| 43 | ***1158** | TAJES SUÁREZ MARÍA BELÉN | 14,00 |
| 44 | ***8328** | VEIRA FERRÍN ANA PATRICIA | 12,50 |

Rematada a valoración do primeiro exercicio o tribunal acorda convocar ás aspirantes que obtiveron polo menos 10 puntos á realización do segundo exercicio, base 7.2.2, o vindeiro día 26-11-2020, ás 9.00 horas, na Biblioteca Municipal de Ponteceso, Edificio Melga. O tribunal acorda publicar esta acta no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, sede electrónica municipal e na páxina web municipal, www.ponteceso.gal, para os efectos de publicidade e xeral coñecemento.

Remata a sesión ás 12.30 horas do día 20-11-2020, redactándose a presente acta, que asinan os membros do tribunal.

Polo tribunal,
O presidente

Emilio Caínzos Quintás

O secretario

Fernando Naya Abeleira

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H

REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

**CONCELLO DE PONTECESO**
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

As vogais

Rosario Canosa Martínez

María Angélica Pose Lema

María Margarita Docanto Alonso

Teléf.: 981 714 000Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## TEST TRABALLADOR/A SOCIAL / PLANTILLA DE RESPOSTAS

| | |
|---|---|
| 1 | C |
| 2 | D |
| 3 | C |
| 4 | A |
| 5 | C |
| 6 | B |
| 7 | B |
| 8 | D |
| 9 | C |
| 10 | B |
| 11 | D |
| 12 | C |
| 13 | B |
| 14 | D |
| 15 | B |
| 16 | A |
| 17 | D |
| 18 | B |
| 19 | A |
| 20 | C |
| 21 | C |
| 22 | A |
| 23 | A |
| 24 | A |
| 25 | D |
| 26 | A |
| 27 | A |
| 28 | B |
| 29 | A |
| 30 | D |
| 31 | A |
| 32 | C |
| 33 | C |
| 34 | B |
| 35 | B |
| 36 | C |
| 37 | B |
| 38 | B |
| 39 | D |
| 40 | B |
| **Preguntas reserva** | |
| 1 | B |
| 2 | D |
| 3 | B |
| 4 | A |
| 5 | C |

CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 – 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

## CUESTIONARIO TIPO TEST, PRIMEIRO EXERCICIO, PROBAS SELECTIVAS FUNCIONARIA INTERINA TRABALLADORA SOCIAL

**Nome e apelidos:**
**DNI:**

**O tempo máximo para responder o cuestionario será de 1 hora. Componse de 40 preguntas con catro posibles respostas e 5 preguntas de reserva. Os/as aspirantes deberán marcar cun "X" a resposta que estimen correcta. No caso de que se anule algunha pregunta suplirase polas que constan como reserva, pola orde en que están formuladas. Deberán asinar o cuestionario en cada unha das follas, na parte inferior ao lado do número**

**1. Sinale a resposta incorrecta. Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de:**

a) Igualdade

b) Mérito

c) Transparencia

d) Capacidade

**2. Que artigo da Constitución Española establece a autonomía da xestión dos intereses do municipio?**

a) O 138

b) O 136

c) O 147

d) O 137

**3. A aprobación, modificación ou derrogación das leis orgánicas esixirá**

a) A maioría simple do Congreso e do Senado

b) A maioría absoluta do Senado

c) A maioría absoluta do Congreso, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.

d) Ningunha das anteriores é correcta

CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 – 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

**4. Segundo o artigo 56.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a iniciativa da reforma do Estatuto corresponderalle:**

a) Á Xunta, ao Parlamento galego, por proposta dunha quinta parte dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.

b) Á Xunta, ao Parlamento galego, por proposta dunha terceira parte dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.

c) Á Xunta, ao Parlamento galego, por proposta da metade dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.

d) Á Xunta, ao Parlamento galego, por proposta de dúas dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.

**5. Que afirmación, segundo o Titulo Preliminar do Estatuto de Autonomía de Galicia, NON é correcta:**

a) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

b) Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do presente Estatuto e do pobo.

c) Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan só da Constitución e do presente Estatuto.

d) Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos na Constitución.

**6. Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de:**

a) 5 días a partir da data en que o acto fose ditado

b) 10 días a partir da data en que o acto fose ditado

c) 15 días a partir da data en que o acto fose ditado

d) 1 mes a partir da data en que o acto fose ditado

**7. As notificacións por medios electrónicos entenderanse rexeitadas**

CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 – 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

a) Cando transcorresen dez dias hábiles desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido.

b) Cando transcorresen dez dias naturais desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido.

c) Cando transcorresen cinco días hábiles desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido.

d) Cando transcorrese un mes desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido.

**8. Os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse:**

a) No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1.

b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.

c) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

d) Todas as respostas anteriores son correctas

**9. ¿Cal das seguintes atribucións non poderá delegar o alcalde nun concelleiro?**

a) A celebración dunha voda civil

b) O outorgamento de licenzas

c) A xefatura superior do persoal ao servizo da Corporación

d) A xefatura da Policía Local

**10. Os membros da Xunta de Goberno Local son nomeados por:**

a) O Pleno

b) O Alcalde

c) O Presidente da Deputación a pedimento do Alcalde.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**11. Corresponde ao Pleno a competencia de..:**

a) Nomeamento de novo persoal.

b) Outorgar licenzas

c) Xestión orzamentaria

d) Todas son incorrectas

**12. Cal das seguintes competencias non corresponde ao Alcalde?**

a) Dirixir o goberno e a administración municipal.

b) Ditar bandos

c) A aprobación inicial do plan xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.

d) O nomeamento dos tenentes de alcalde.

**13. A xestión de equipamentos comunitarios para sectores de poboación con necesidades específicas que posibiliten no seu ámbito o logro dos obxectivos recollidos no artigo 3º da Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, no marco do Plan extratéxico de servizos sociais é:**

a) Unha función dos servizos sociais comunitarios especializados.

b) Unha función dos servizos sociais comunitarios específicos.

c) Unha función dos servizos sociais comunitarios básicos.

d) b) e c) son correctas.

**14. Son obxectivos do Servizo de Axuda no Fogar :**

a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

b) Previrsituacións de dependencia ou exclusión social.

c) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

d) Todas son correctas.

**15. Son atencións de carácter básico, segundo a ordenanza municipal do SAF do Concello de Ponteceso:**

a) Adaptacións funcionais do fogar.

b) Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

c) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables

d) a e c son correctas.

**16. Segundo a Ordenanza do Saf de Ponteceso, a determinación da capacidade económica das persoas usuarias do SAF pola modalidade básica:**

a) Computará a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia.

b) Terá en conta os ingresos procedentes das pensións e salarios e non terá en conta o patrimonio.

c) Computaranse todos os ingresos da persoa beneficiaria procedente de axudas, pensión, patrimonio oucalqueraoutro ingreso.

d) Teranse en conta todos os ingresos da persoa interesada e os familiares ata o 2º grao por afinidade ou consanguinidade.

**17. Con carácter xeral, os coidadores non profesionais deberán segundo a Lei de dependencia:**

a) Ser maiores de 18 anos

b) Axustarse ás normas sobre filiación, alta e cotización á Seguridade Social segundo o Decreto 615/2007

c) Ser familiares ata o 3º grao de parentesco

d) Todas son certas

**18. Segundo a orde o 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, en canto á participación no financiamento do servizo do SAF, unha persoa quedará EXENTA da obriga de participar no custo do servizo sempre e cando:**

a) A capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ó Salario Mínimo interprofesional (SMI).

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

b) A capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).

c) A Capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ó 75% do Salario Mínimo Interprofesional (SMI).

d) A capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ó 75% ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).

**19. No Servizo de axuda no fogar pola modalidade de libre concorrencia o órgano competente para ditar a resolución será:**

a) O/a Alcalde/sa

b) O/a Secretario do Concello

c) O/a Traballador/a Social

d) O/a Delegado/a Provincial

**20. Segundo a orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, o persoal técnico mínimo esixible no caso de estar atendendo a 199 persoas usuarias será de:**

a) 1 técnico/a titulado/a axornada completa

b) 2 técnicos/as titulados/as a media xornada

c) 2 técnicos/as titulados/as a xornada completa

d) Ningunha é correcta.

**21. ¿Qué é a Dependencia Moderada?**

a) Non existe esta clasificación

b) Invalidez parcial

c) Un Grao I no Sistema Galego de Atención á Dependencia

d) Unha gran discapacidade

**22. Funcións dos Servizos Sociais Comunitarios específicos:**

a) O desenvolvemento Programas e Actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social.

b) Son competencias da Comunidade Autónoma

c) Ningunha é certa

d) Todas son correctas

**23. O Catálogo de Servizos Sociais está integrado por:**

a) Intervencións ou servizos de carácter técnico profesional

b) Servizos e actuacións de naturaleza material ou tecnolóxica

c) Todas son certas

d) Todas son falsas

**24. ¿Quén terá ao seu cargo o expediente social básico ao que fai referencia o artigo 16º.2 da Lei 13/2008 , do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia?**

a) A persoa profesional de referencia

b) A Administración competente

c) O Organo Municipal correspondente

d) Todas son correctas

**25. Segundo o Plan Concertado, son prestacións básicas dos Servizos Sociais comunitarios:**

a) Apoio á unidade de convivencia e axuda no fogar

b) Actuacións destinadas ao fomento da solidariedade: cooperación social

c) Actuacións específicas de prevención e inserción

d) Todas son correctas

**26. En concellos de 20.000 a 59.999 habitantes, a porcentaxe da achega municipal indispensable sobre o total do orzamento do proxecto anual dos Servizos Sociais comunitarios municipais, é:**

a) o 25% do orzamento

b) o 20% do orzamento

c) o 33% do orzamento

d) o 50% do orzamento

**27. O obxeto do plan concertado é:**

a) Cofinanciar os Servizos Sociais comunitarios das corporacións locais mediante transferencias finalistas, que poden ter natureza corrente ou de capital.

b) Cofinanciar os gastos derivados das actuación destinadas ao fomento da solidariedade

c) Cofinanciar as actuación específicas de prevención e inserción

d) Todas son correctas

**28. A organización e xestión dos Servizos Sociais especializados corresponde:**

a) ás corporaciónslocais

b) á Comunidade Autónoma

c) ao Ministerio de sanidade, Consumo e Benestar social

d) á Deputación Provincial

**29. Segundo o artigo 4 da ordenanza municipal reguladora das axudas para a inserción social -emerxencias Sociais- do Concello de Ponteceso establécense axudas para:**

a) barreiras arquitectónicas

b) gastos de para tratamentos de rehabilitación

c) becas para libros,materiale transporte escolar

d) gastos para tratamentos de servizos de logopedia

**30. As obrigas dos beneficiarios das axudas de emerxencia social do Concello de Ponteceso quedarán sometidas ás obrigas xerais reguladas en:**

a) No artigo 14 da lei28/2003, Xeral de subvencions

b) No artigo 14 da lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réximen Local

c) No artigo 14 da lei 10/2013 do 27 de novembro de Inclusión Social de Galicia

d) Todas son falsas

**31. A validez das tarxetas de estacionamento, segundo a Ordenanza municipal reguladora de tarxetas de estacionamento para persoas con minusvalidez do Concello de Ponteceso será:**

a) no caso de que a cualificación da minusvalidez sexa permanente a tarxeta caducará aos 10 anos da concesión.

b) no caso de que a cualificación da minusvalidez sexa provisional caducará aos 5 anos

c) no caso de que a cualificación da minusvalidez sexa provisional caducará todos os anos

d) no caso de de a cualificación da minusvalidez sexa permanente a tarxeta non caducará.

**32. O artigo 60 do Capítulo II, Competencias das Administración Públicas, da Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia recolle como competencias dos concellos:**

a) A formación e investigación no campo dos servizos sociais.

b) A xestión de subvencións e outras axudas públicas que lles conceda a centros e entidades prestadoras de servizos sociais.

c) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.

d) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 desta lei.

**33. O artigo 52 do Título VI, do Finanzamento dos Servizos Sociais, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, indica que as fontes de finaciamento son:**

a) Os orzamentos xerais da comunidade autónoma.

b) Os prezos públicos correspondentes.

c) a e b son correctas.

d) a e b son falsas.

CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 – 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

**34. A persoa que exerza como responsable técnica do servizo de axuda no fogar (SAF) garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periocidade:**

a) Bimensual

b) Bimestral

c) Semestral

d) Mensual

**35. O seguimento directo e continuado da correcta aplicación do programa individual de atención e da adecuación á situación da persoa beneficiaria corresponde:**

a) aos servizos especializados

b) aos profesionais de servizos sociais comunitarios ou de atención primaria de saúde, así como de atención especializada, de ser o caso.

c) aos servizos sociais comunitarios

d) ás xefaturas territoriais

**36. Cada órgano de valoración e asesoramento do sistema para a autonomía e atención á dependencia, terá unha composición mínima de:**

a) un profesional sanitario, un psicólogo/a, un/a traballador/a social e un/a terapeuta ocupacional.

b) un profesional sanitario, un psicólogo/a, un/a traballador/a social e dous profesionais con perfil social

c) un profesional médico, un psicólogo/a, un/a traballador/a social e un/a terapeuta ocupacional.

d) un médico, un psicólogo/a e un/a traballador/a social

**37. Os servizos de promoción da autonomía persoal teñen por finalidade:**

a) desenvolver un conxunto de actuación dirixidas a previr alteracións da función física, sensorial ou mental

b) desenvolver e manter a capacidade de controlar, afrontar a toma de decisión acerca de como vivir de acordó coas normas e preferencia propias e facilitar a execución de actividades básicas da vida diaria, de xeito que todas as persoas poidan levar unha vida o máis autónoma posible.

c) a mellora da calidade de vida e a integración social

d) conseguir o maior grao posible de autonomía e a adaptación no seu entorno

**38. O Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia configúrase:**

a) como cauce de participación das Comunidades Autónomas

b) como unha rede de utilización pública que integra, de forma coordinada, centros e servizos, públicos e privados

c) como cauce de cooperación entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas

d) para contribuir á mellora das condicións de vida dos cidadáns.

**39. Segundo o Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamiento, no servizo de axuda no fogar, de conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso, poderán prestarse os seguintes tipos de actuación de carácter básico:**

a) atencions de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio

b) atención das necesidades de carácter doméstico e da vivienda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia. Se é o caso, determinadas tarefas domesticas como lavandaria e alimentación a domicilio, poderán ser facilitadas por servizos específicos.

c) acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en tramitación urxente de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimiento das intervención realizadas polo sistema sanitario.

d) todas son certas

**40. Segundo o Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamiento, os Servizos Sociais comunitarios:**

a) realizarán o asesoramento, atención e orientación de mulleres en situación de especial vulnerabilidade

b) realizarán con carácter xeral a valoración e o seguimiento das persoas usuarias do sistema e informarán e impulsarán os procedementos de derivación a os Servizos Sociais especializados.

c) realizarán a xestión de programas enfocados á prevención e á atención de persoas con limitación da súa autonomía

d) realizarán formación en habilidades sociais que contribúan a integración familiar e comunitaria

**PREGUNTAS RESERVA**

**1. A teor do disposto no artigo 23 da Constitución española de 1978, sinale a resposta correcta:**

a) Os cidadáns teñen o dereito e o deber de participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

b) Os cidadáns teñen o dereito para participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

c) Os cidadáns teñen o deber de participar nos asuntos públicos, exclusivamente por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

d) Os cidadáns teñen o deber de participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

**2. Segundo o artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, cal NON é función do Parlamento:**

a) Elixir de entre os seus membros ao Presidente da Xunta de Galicia.

b) Esixir, se é o caso, responsabilidade política á Xunta e ao seu Presidente.

c) Solicitar do Goberno a adopción de Proxectos de Lei e presentar #ante a Mesa do Congreso dos Deputados Proposicións de Lei.

d) Coordinar e dirixir a acción executiva da Xunta de Galicia.

**3. É un principio xerais dos servizos sociais:**

a) Integrar o sistema galego de servizossociais o conxunto de servizos, programas e prestacións, tanto de titularidade pública coma de titularidade privada, acreditados e concertados pola administración nos termos establecidos na lei.

b) Prevención: as políticas de Servizos sociais enfocarán as súasactuacións a previr e superar as causas que orixinen as necesidades sociais, dando a debida prioridade ás acción preventivas e ao enfoque comunitario das intervenciónssociais.

c) Todas son falsas.

d) Todas son correctas.

**4. O obxecto do servizo de axuda no fogar segundo a ordenanza municipal do Concello de Ponteceso é:**

a) Prestar un conxunto de atención ás persoas no seu domicilio dende unha perspectiva integral e normalizadora.

b) A prestación de tarefas de carácter persoal e doméstico

c) Evitar a institucionalización

d) b) e c) son correctas

**5. E requisito indispensable para ser beneficiario/a dunha axuda de emerxencia social do Concello de Ponteceso segundo a ordenanza reguladora publicada no BOP nº 69 de 24/03/2006:**

a) ter residencia acreditada no Concello de Ponteceso cunha antiguedade mínima de 3 meses

b) ter residencia real e efectiva no Concello de Ponteceso de 6 meses

c) ter a residencia acreditada no Concello de Ponteceso cunha antiguedade mínima de 6 meses

d) todas son correctas